



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

DIEGO FERNÁNDEZ NOGUEIRA deputado do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte:

PREGUNTAS (1) PARA SER FORMULADAS E RESPOSTADAS ORALMENTE NO PLENO ORDINARIO DO 27 DE OUTUBRO DE 2023:

Nos últimos anos insistimos na necesidade de acometer as melloras necesarias para a seguridade de vehículos e peóns na estrada provincial OU-0303 Valdepereira-Maside. Ademáis, en numerosas ocasións os gobernos provinciais anteriores afirmaron, en pleno, que xa estaban a traballar no tramo que corresponde á zona da Friela, en Maside, onde se está a abrir a estrada. Varias veces a Deputación foi marcar a vía, pero non acometeu os arranxos necesarios para evitar unha posible desgraza, pois o movemento de terras e o deterioro é evidente. Tamén existía o compromiso da creación de beirarrúas e os sistemas de seguridade vial necesarios recomendados polos técnicos, pois ademáis do perigo de derrumbe, está o da seguridade de peóns e vehículos ó ser unha zona moi transitada que ademais enlaza ca AG-54.

¿Existe xa algún expediente sobre esta necesaria e comprometida actuación?

¿Serán estas obras de mellora unha actuación prioritaria a realizar con urxencia pola Deputación Provincial?

Ourense, a 25 de outubro de 2023

Asinado: Diego Fernández Nogueira

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE